

ORDENANZA FISCAL Nº 7

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE VERIFICACIÓN DOS REQUISITOS URBANÍSTICOS DAS CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

ARTIGO 1º. - POTESTADE TRIBUTARIA E RÉXIME XURÍDICO.

No uso das postestades conferidas pola Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e dacordo co previsto no art. 57 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais –en diante, TRLRHL-, este Concello establece a taxa pola prestación de servizos administrativos relativos á verificación de requisitos urbanísticos das construcións, instalacións e obras, que se regulará pola presente Ordenanza e polos disposto no artigos 20 a 27 do TRLRHL.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

O feito imponible está determinado pola prestación de servizos administrativos consistentes na actividade municipal desenvolvida con motivo da realización de instalacións, construcións ou obras, tendente a verificar se as mesmas se realizan con suxeción ás normas urbanísticas de edificación e policía vixentes, en orde a comprobar que aquelas se axustan aos Plans de Ordenación vixentes, que sexan conformes ao destino e uso previstos, que non atenten contra a harmonía da paisaxe e condicións de estética, que cumpran coas condicións técnicas de seguridade, salubridade, hixiene e saneamento e, finalmente, que non exista ningunha prohibición de interés artístico, cultural, histórico ou monumental, xa se atopen suxeitas a preceptiva licenza municipal, ou poidan ser susceptibles de comunicación previa ou declaración responsable consonte á normativa urbanística e sectorial relacionada coa mesma vixente, así coma os servizos administrativos que se presten con relación a expedientes derivados da reposición da legalidade urbanística, no seu caso.

ARTIGO 3º.- DEIVINDICACIÓN.

1.- A obriga de contribuir nacerá, no referido á prestación dos servizos sobre o axuste urbanístico das obras –maiores ou menores- efectuadas:

a) Nos supostos suxeitos a previa licenza, no momento de comenzo a prestación dos servizos administrativos tendentes á comprobación da suxeción á legalidade da solicitude, que se considerará que ten lugar desde que se formule a solicitude da mesma, ou, no suposto no que, sendo preceptiva, non se tivese solicitado, desde que o Concello realice as actuacións iniciais conducentes a verificar se a obra suxeita a licenza é ou non autorizable –trátase de supostos de obra, instalación, primeira ocupación dos edificios ou modificación

do uso dos mesmos-.

b) Nos supostos suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable, no momento de realizar a respectiva comunicación ou declaración, ou, se non se tivese efectuado, sendo necesaria, desde o momento no que comencen as actuacións administrativas conducentes a verificar o axuste á legalidade da respectiva actuación.

c) Nos supostos de obras executadas ilegalmente, que conduzan á tramitación de expedientes de reposición da legalidade urbanística que conduza á execución do derrubamento, no momento de se iniciar a prestación dos servizos administrativos relativos a eses expedientes.

2.- A obriga de contribuir non se verá afectada pola denegación no seu caso da licenza ou concesión da mesma con modificación da solicitude, declaración responsable ou comunicación previa, nin pola eventual orde de cesamento das actuacións ou de reposición á situación anterior no caso de non se axustar á normativa esixible.

3.- No caso de renuncia ou desestimento do solicitante antes de comenzar trámite algún da actividade administrativa, non se devengará esta taxa. A tal efecto, a renuncia anterior a que o expediente, unha vez presentado no Rexistro municipal, teña realizado trámite algún na Área de Urbanismo máis que o rexistro interno do expediente, entenderase que non implica a reivindicación do tributo.

ARTIGO 4º.- SUXEITOS PASIVOS.

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas, así coma as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, que sexan propietarios ou poseedores, ou no seu caso arrendatarios, dos inmobles nos que se executen as obras ou se realicen as construcións ou instalacións para as que se solicite a licenza urbanística ou se presente a comunicación previa ou declaración responsable, ou polas que se orixine a tramitación dun expediente administrativo do que resulte especial ou directamente afectado o mesmo, incluso aínda que non se tivese instado.

2.- En todo caso terán a condición de substitutos do contribuínte os constructores e contratistas das obras que soliciten a licenza ou presenten a comunicación previa ou declaración responsable, ou que realicen as obras sen autorización obxecto da reposición da legalidade, terminen éstas coa legalización ou doutro xeito.

ARTIGO 5º.- RESPONSABLES.

En materia de responsabilidade, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e demais disposicións que a complementen ou desenvolvan.

ARTIGO 6º.- BENEFICIOS FISCAIS.

Non se recoñecen máis beneficios fiscais ca os derivados de normas con rango de lei ou da aplicación de Tratados Internacionais. Calquera bonificación ou exención deberá ser interesada ao tempo de solicitar a oportuna licenza ou presentar a preceptiva comunicación previa ou declaración responsable.

ARTIGO 7º.- TARIFA.

A taxa esixirase aplicando as seguintes cotas tributarias:

- A) Tramitación de expedientes de obras maiores:
- | | |
|--|----------|
| Se o P.E.M. a efectos do ICIO é superior aos 600.000 €..... | 350,00 € |
| Se o P.E.M. a efectos do ICIO entre 300.000 e 600.000 €..... | 275,00 € |
| Se o P.E.M. a efectos do ICIO de 180.000 e 300.000 €. | 200,00 € |
| Se o P.E.M. a efectos do ICIO é inferior a 180.000 €. | 150,00 € |
- B) Tramitación de expedientes de obras menores, e de colocación de carteis, rótulos, valados publicitarios e similares:..... 50,00 €
- C) Tramitación de expedientes de instalación de antenas emisoras/reemisoras.... 473,12 €
- D) Tramitación de licenzas de primeira ocupación ou utilización en edificacións nas que resulten máis dunha vivenda ou local de utilización separada (por cada vivenda ou local resultante da edificación) 67,00 €
- E) Tramitación de licenzas de primeira ocupación ou utilización de vivendas ou edificacións unifamiliares, nas que a edificación non sexa susceptible de usos divisibles..... 150,00 €
- F) Tramitación de licenzas de primeira ocupación ou utilización de naves industriais (por cada unha das resultantes)..... 180,00 €
- G) Tramitación de expedientes de reposición da legalidade nos que non sexa posible a legalización, conducindo á orde de execución da demolición da obra executada, se a obra debера ter a consideración de obra maior..... 180,00 €
- H) Tramitación de expedientes de reposición da legalidade nos que non sexa posible a legalización, conducindo á orde de execución da demolición da obra executada, se a obra debера ter a consideración de obra menor..... 100,00 €

ARTIGO 8º.- NORMAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO.

1.- O tributo rexerese polo réxime de autoliquidación, salvo para os supostos previstos no artigo 7 apartados G e H, nos que se procederá á liquidación administrativa.

2.- Os interesados, no momento de presentar a solicitude de licenza urbanística, ou da comunicación previa ou declaración responsable, deberá cumprimentar o modelo normalizado de autoliquidación, e aportar o xustificante de pagamento da dita

autoliquidación, determinándose a cota tributaria polo propio suxeito pasivo, aplicando as tarifas que procedan segundo o establecido no artigo 7 desta Ordenanza. A Administración tributaria poderá ditar unha posterior liquidación provisional rectificando a autoliquidación presentada nos supostos nos que se aprecie un erro na confección da mesma, xa sexa aritmético, formal, coma de interpretación das cotas, sen prexuízo da ulterior comprobación para efectuar a liquidación definitiva das taxas.

3.- No suposto de que as obras comporten a necesidade de grúas, andamios, valas ou calqueira outro tipo de aproveitamento na vía pública, a ocupación deberá ser autoliquidada, e presentado o correspondente documento xustificativo do pagamento da taxa, xunto coa solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa, consonte ás normas establecidas na Ordenanza Fiscal nº 21.

4.- A Administración tributaria poderá, á vista da autoliquidación provisional realizada polo suxeito pasivo, ou da rectificadora no seu momento pola propia Administración, ditar liquidación definitiva unha vez rematada a construción, instalación ou obra, e verificado o custe real das mesmas cando a tarifa da taxa sexa variable en función do custe de execución material da obra.

5.- Nos supostos de expedientes de reposición da legalidade que conduzan á imposibilidade de legalización das obras, a liquidación administrativa xirarase xunto coa orde de derrubamento ou de reposición da situación anterior segundo corresponda.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente Ordenanza Fiscal, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva, xunto co seu texto íntegro, no Boletín Oficial da Provincia.

DILIXENCIA:

Aprobación definitiva: Sesión ord. Pleno 29/07/2013. B.O.P. nº 192, do 09/10/2013.

Aprobación definitiva: Sesión ord. Pleno 02/11/1995. B.O.P. nº 292 do 22/12/1995.

Modificación: Sesión ord. Pleno 26/10/1999. B.O.P. nº 299 do 31/12/1999 e nº 15 do 20/01/2000.

Modificación: Sesión extraord. Pleno 17/11/2000. B.O.P. nº 298 do 30/12/2000.

Versión vixente 01/01/2001 – 09/10/2013:

<<

ORDENANZA FISCAL Nº 7

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENCIAS URBANÍSTICAS

ARTIGO 1º. - POTESTADE TRIBUTARIA E REXIME XURIDICO.

No uso das postestades conferidas pola Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e dacordo co previsto no art. 58 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por licencias urbanísticas, que se regulará pola presente Ordenanza e polos disposto no artigos 20 a 27 da dita Lei 39/1988.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

1.- O feito imponible está determinado pola actividade municipal desenvolvida con motivo da realización de instalacións, construcións ou obras, tendente a verificar se as mesmas se realizan con suxección ás normas urbanísticas de edificación e policía vixentes, en orde a comprobar que aquelas se axustan ós Plans de Ordenación vixentes, que son conformes ó destino e uso previstos, que non atentan contra a harmonía da paisaxe e condicións de estética, que cumpren coas condicións técnicas de seguridade, salubridade, hixiene e saneamento e, finalmente, que non existe ningunha prohibición de interés artístico, histórico ou monumental.

2.- A estes efectos, constitúen feitos imposables deste tributo a concesión de licencias para a realización das seguintes actividades:

1. Obras de construción de edificacións e instalacións de toda clase de nova pranta.
2. Obras de ampliación de edificios e instalacións de tódalas clases existentes. Obras de modificación ou reforma que afecten á estrutura dos edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
3. Obras de modificación do aspecto exterior dos edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
4. Obras que modifiquen a disposición interior dos edificios.
5. Obras e usos que se teñan que realizar con carácter porvisional no caso en que estean xustificadas, que deberán demolerse cando o acorde o Concello, sen dereito a indemnización.
6. Movementsos de terra, tales coma desmontes, explanacións, escavacións e terrapléns, obras de instalacións de servicios públicos e, en xeral, as relacionadas coa urbanización, excepto que estes actos fosen detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización definitivamente aprobado ou de edificación que dispoña de licenza outorgada.
7. A primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións en xeral.
8. A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servicios e outras análogas.
9. O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de tódalas clases existentes.
10. A modificación do uso dos edificios e instalacións en xeral.
11. A demolición das construcións, agás nos casos declarados de ruína inminente.
12. As instalacións subterráneas adicadas a estacionamentos, actividades industriais, mercantís ou profesionais, servicios públicos ou calquera outro uso a que se destine o subsolo.
13. A extracción de granulados para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.

14. As actividades extractivas de minerais, líquidos, e de calquera outra materia, así coma as de verquidos no subsolo.
15. As obras de construción de infraestrutura civil, agás que estes actos fosen detallados e programados coma obras a executar nun plan especial ou nun instrumento de ordenación territorial, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable. Quedan excluídas da preceptividade da licencia as obras de mantemento das obras públicas.
16. As construcións nas zonas de dominio público, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable.
17. A instalación ou radicación de casas prefabricadas e instalacións similares, provisionais ou permanentes, agás que se efectúen dentro de campamentos legalmente autorizados e nas zonas expresamente previstas para a dita finalidade.
18. As cortas e os abatementos das árbores que constitúan masa arbórea, espacio boscoso, arboredo ou parque, haxa ou non planeamento aprobado, agás as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia agraria e/ou forestal.
19. A instalación de invernadoiros.
20. A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.
21. Os cerramentos e valados de predios.
22. As parcelacións urbanísticas, agás que estean contidas nun proxecto de compensación ou reparcelación aprobado.
23. As obras de apertura de camiños e accesos a parcelas en solo rústico, agás as autorizadas polo organismo competente en materia agraria e/ou forestal.
24. As instalacións e construcións de carácter temporal destinadas a espectáculos e actividades recreativas.
25. Calquera intervención en edificios declarados como bens de interese cultural, catalogados ou protexidos.
26. A colocación de antenas de telefonía e demais aparellos emisores de sinais en calquera clase de inmovible.
27. E, en xeral, o resto dos actos que se sinalen na normativa aplicable ó solo e á edificación, xa sexa estatal, autonómica, ou local.

ARTIGO 3º.- RETRIBUCIÓN.

1. A obriga de contribuir nacerá no momento de comenza-la prestación do servizo, que ten lugar desde que se formula a solicitude da preceptiva licencia, ou desde que o Concello realice as actuacións iniciais conducentes a verificar se é ou non autorizable a obra, instalación, primeira ocupación dos edificios ou modificación do uso dos mesmos, que se efectuase sen a obtención previa da correspondente licencia.

2. A obriga de contribuir non se verá afectada pola denegación no seu caso da licencia ou concesión da mesma con modificación da solicitude.

3. No caso de renuncia ou desestimento do solicitante antes de comenza-la actividade administrativa, non se devengará esta taxa.

ARTIGO 4º.- SUXEITOS PASIVOS.

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas, así coma as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, que sexan propietarios ou poseedores, ou no seu caso arrendatarios, dos inmobles nos que se executen as obras ou se realicen as construcións ou instalacións.

2.- En todo caso terán a condición de substitutos do contribuinte os constructores e contratistas das obras.

ARTIGO 5º.- RESPONSABLES.

En materia de responsabilidade serán aplicables os artigos 37 e seguintes da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 6º.- EXENCIONES, REDUCCIONES E DEMÁS BENEFICIOS FISCAIS.

Non se recoñecen máis beneficios fiscais ca os derivados de normas con rango de lei ou da aplicación de Tratados Internacionais. Calquera bonificación ou exención deberá ser interesada ó tempo de solicita-la oportuna licencia.

ARTIGO 7º.- TARIFA.

A taxa esixirase aplicando as seguintes cotas tributarias:

A) LICENCIAS PARA OBRAS MAIORES:

- Edificios con presuposto superior ós 100 millóns ptas. 39.360 (236,56 Euros)
- Edificios de presupostos entre 50 e 100 millóns ptas. 28.188 (169,41 Euros).
- Edificios de presuposto entre 25 e 50 millóns ptas. 16.913 (101,65 Euros).
- Edificios de presuposto inferior ós 25 millóns ptas. 11.275 (67,76 Euros)

B) LICENCIAS DE OBRAS MENORES..... 6.765 (40,66 Euros).

C) COLOCACIÓN DE CARTEIS 5.638 (33,89 Euros).

D) INSTALACIÓN DE ANTENAS EMISORAS.....78.720 (473,12 Euros).

E) LICENCIAS DE 1ª OCUPACIÓN:

(Por vivenda ou local) 11.275 (67,76 Euros).

As presentes tarifas actualizaranse anualmente mediante a aplicación do índice de prezos ó consumo.

ARTIGO 8º.- NORMAS DE XESTIÓN.

1. As persoas interesadas na obtención dunha licencia presentarán no Concello a

oportuna solicitude con especificación detallada da natureza, extensión e alcance da obra ou instalación a realizar, lugar de emprazamento, presposto por duplicado do custo real da obra firmado polo que teña o seu cargo os traballos ou polo facultativo competente e, en xeral, conterá a citada solicitude toda a información necesaria para a exacta aplicación do tributo.

2. A solicitude poderá ser formulada polo interesado ou polo contratista das obras, pero farase constar o nome e domicilio do propietario do inmovible, do arrendatario do mesmo cando as obras se realicen por conta e interese deste, así coma a expresa conformidade ou autorización do propietario.

3. No suposto de que as obras comporten a necesidade de grúas, andamios, valas ou calqueira outro tipo de aproveitamento na vía pública, acompañarase documentación necesaria para determinar a súa posible autorización. Neste caso producirase un feito imponible independente, que se liquidará simultaneamente á taxa referida á licenza de obras, conforme se sinala na Ordenanza Fiscal respectiva.

ARTIGO 9º.- LIQUIDACIÓN E NOTIFICACIÓN.

1.- Á vista da documentación presentada polo interesado, practicarase por esta Administración a liquidación provisional segundo as tarifas aplicables.

2.- A liquidación seralle notificada reglamentariamente ó suxeito pasivo, con indicación do lugar de pago, prazos para o mesmo, recursos que procedan, e da posibilidade de solicitar a suspensión e aprazamento do pago.

ARTIGO 10º.- INGRESO.

O ingreso farase nos prazos establecidos no Regulamento Xeral de Recadación para as liquidacións notificadas pola Administración.

ARTIGO 11º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1.- En materia de infraccións e de sancións, serán aplicables, segundo dispón o artigo 11 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei 230/1963, xeral tributaria, e nas disposicións que a complementen e desenvolvan, coma o R.D. 939/1986, que contén o Regulamento Xeral da Inspección dos Tributos, e o R.D. 1930/1998, que contén o Regulamento do Procedemento Sancionador Tributario.

2.- En particular, constitúe infracción simple:

a) A falla de presentación da declaración da realización do feito imponible do tributo, ou a presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, sempre e cando non leve aparellado ingreso.

b) O non presenta-los datos e informes con trascendencia tributaria por parte dos constructores ou propietarios das obras, derivadas das súas relacións con terceiros, cando así lles veña imposto pola normativa urbanística ou tributaria.

c) A resistencia, excusa ou negativa ás actuacións da Administración Tributaria Municipal, sexa en fase de xestión, inspección ou recadación deste imposto.

3.- Constitúen infraccións tributarias graves:

a) Deixar de ingresar dentro dos prazos sinalados a totalidade ou parte da débeda tributaria, salvo regularización conforme ó previsto no artigo 61 da Lei 230/1963, xeral tributaria, ou inicio do período executivo sinalado no artigo 127 da mesma Lei.

b) Non presentar, presentar fóra de prazo previo requerimento da Administración Tributaria Municipal ou de forma incompleta ou incorrecta as declaracións ou documentos precisos para que a Administración tributaria poida practicala liquidación deste tributo.

4.- As infraccións tributarias simples serán castigadas con multa pecuniaria fixa, segundo os criterios contidos no R.D. 1930/1998, que contén o Regulamento do procedemento sancionador en materia tributaria, ou coas sancións adicionais contempladas no mesmo texto e na Lei 230/1963.

5.- As infraccións graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional, do 50 ó 150 % das contías deixadas de ingresar, sen prexuízo das sancións accesorias que procedan segundo os textos legais anteditos.

6.- As infraccións graduaranse atendendo ás circunstancias seguintes:

- a) A comisión repetida de infraccións.
- b) A resistencia, excusa ou negativa á acción investigadora da Administración.
- c) O uso de medios fraudulentos na comisión da infracción.
- d) A ocultación á Administración dos datos precisos para a liquidación.
- e) A falla de cumprimento dos deberes formales de colaboración establecidos nesta Ordenanza.
- f) A trascendencia que na eficacia da xestión dos tributos dos datos non facilitados.

Os criterios anteriores modularanse segundo o disposto no R.D. 1930/1998, regulador do procedemento sancionador tributario.

DISPOSICION DERRADEIRA.

A presente Ordenanza Fiscal, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial Provincial.

>>



